

NOME CIENTÍFICO

Abies alba

Descrición:

De porte piramidal, pode acadar os 30-60 metros de altura. O seu tronco é recto e desproveito de pólas na súa parte inferior.



9

As flores son dioicas. As masculinas agrúpanse en cono masculino (onde se produce o pole) e femininas, que son as piñas. Estas aparecen erectas e poden medir entre 10-20 cm.

Familia: Pinaceae

Orixe: Rexións montañosas de Europa

Nome común: Abeto



10



11

As súas follas son perennes e lineais de 1,5 a 3 centímetros dispostas en dúas ringleiras.



12

Os seus “froitos” son conos cilíndricos de entre 5 e 25 cm de longo, compactos e erguidos sobre as pólas.

Abies alba

Hábitat

Aparece en bosques do norte e centro do continente europeo, así como tamén en algunhas áreas montañosas do sur de Europa. Na península ibérica aparece na zona norte, especialmente nos Pirineos. En Galicia non aparece de forma natural, debido fundamentalmente á pouca altitude das cadeas montañosas. Morfoloxicamente son un exemplo de adaptación ás condicións climáticas frías do norte do continente, podendo soportar temperaturas por debaixo dos -40° C. A súa forma piramidal favorece o descenso da neve cara abaixo, evitando que o seu peso deforme á árbore.

Usos ou propiedades

Utilízase en ebanistería polas propiedades da súa madeira, moi fácil de traballar e tamén para a elaboración de instrumentos musicais. De glándulas da súa codia obtense a trementina, que é un líquido de cor resinosa e sabor amargo e que pode ser utilizado como balsámico e incluso como desinfectante.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

O nome latino “alba” alude, sen dúbida, á cor esbrancuxada da súa codia, moi rica en taninos.